



PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O DÍA 2 DE ABRIL DO 2020

HORARIO	ACTIVIDADE
09:00	Aséome e preparo o meu almorzo
10:00	Proposta lóxico-matemática: TANGRAM
11:00	Aséome e preparo a miña merenda
12:00	Xogo libre/xogo só
13:00	As nosas emocións Día mundial concienciación Autismo
14:00	Aséome, axudo a preparar a comida e a pór a mesa

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS SON FLEXIBLES E VOLUNTARIAS

TANGRAM CHINO


Boas nenas e nenos:

Hoxe imos xogar ao **tangram chino**, un xogo de inxenio formado por un **caadrado de 7 pezas** co que se poden construír calquera tipo de animal ou cousa. Animádesvos a probar?

Con este xogo pretendemos acadar os seguintes obxectivos:

- Reproducir e crear figuras e representacións planas de corpos xeométricos.
- Desenvolver a imaxinación.
- Combinar figuras para obter outras.
- Desenvolver o pensamento lóxico e reflexivo.
- Desenvolver a creatividade.
- Mellorar a atención.

Para que coñezades un pouco mellor en que consiste o xogo aquí vos deixo o enlace a uns vídeos.



<https://www.youtube.com/watch?v=O9kJYeQHdZU>

<https://www.youtube.com/watch?v=DIAqjJzXOnw>


Plantilla Tangram para imprimir

Agora é a vosa quenda!


Para crear o voso tangram presisades: cartulinas de cores, lápiz e tesoiras.

Tamén podedes facelo con pezas de cartón coloreándoas como se indica.

Aquí tendes unha plantilla para imprimir.



A ver se sodes capaces de facer os seguintes animais. **Ánimo!**



AS NOSAS EMOCIÓN

ACTIVIDADE DENDE A AULA DE PT PARA O 2 DE ABRIL



O día 2 de Abril celébrase o Día Mundial da Concienciación do Autismo, polo que imos coñecer e saber un pouco máis deses nen@s. Co gallo desta celebración realizaremos as seguintes **tarefas**:

COMEZAMOS: Imos presentarvos a un amigo novo. Para iso tedes que ver o seguinte vídeo: <https://youtu.be/mzl33DR2rnM>

FALADOIRO: Hugo chega novo a escola ou xa hai tempo que acode? Como podemos axudar a Hugo para que xogue cos demais nen@s? Que lle pasa a Hugo para que non queira xogar cos outros nen@s? Convidarías a merendar e a xogar a Hugo unha tarde a túa casa?

CONTINUAMOS: Unha das características principais deste nestes nenos é a súa dificultade para recoñecer as emocións e os sentimentos. Así que vamos a axudarlle a Hugo e aos nenos coma el a comprender como nos sentimos a diario.

INFANTIL:

4º de EI: Ao final deste documento aparece unha ficha cuns debuxos dunhas caras que expresan distintas emocións. Recortamos todas as emocións e pegámolas no gráfico dos días da semana (así tamén os repasamos e miramos cada día en cal estamos) que aparece un pouco máis abaixo. Imos facelo dúas veces o día, despois de almorzar e antes de ir lavar os dentes pola noite.

5º de EI: Ao final deste documento aparece unha ficha cuns debuxos dunhas caras que expresan distintas emocións. Recortamos todas as caras das emocións cos seus nomes e pegámolas nun folio. Despois todos os día da semana (así tamén os repasamos e miramos cada día en cal estamos) no



gráfico que está máis abaixo imos escribir como nos sentimos, recoñecendo as emocións no folio onde as temos pegadas copiamos o nome de cada unha delas no gráfico en letra maiúscula. Imos facelo dúas veces o día, despois de almorzar e antes de ir lavar os dentes pola noite.

6º de EI: Ao final deste documento aparece unha ficha cuns debuxos dunhas caras que expresan distintas emocións. Recortamos todas as caras das emocións cos seus nomes por separado e..... mesturamos todo ben mesturado!!! Agora ordenamos todo outra vez de novo, lemos amodiño as palabras e volvemos asocialo ás imaxes e pegamos todo nun folio. Despois todos os días da semana (así tamén os repasamos e miramos cada día en cal estamos) no gráfico que está máis abaixo imos escribir como nos sentimos, recoñecendo as emocións no folio onde as temos pegadas copiamos o nome de cada unha delas no gráfico en letra minúscula. Imos facelo dúas veces ao día, despois de almorzar e antes de ir lavar os dentes pola noite.

PRIMARIA:

- **Primeiro:** Vemos o seguinte vídeo: <https://youtu.be/wex4aLnDZVw>

Agora comentamos un pouco... Que lles pasa a estes nen@s? Como podemos axudalos?

- **Investigamos:** Como é o noso cerebro? En cantas partes se divide? Cal é o traballo de cada unha delas? Quen envía a información ao cerebro? Busca información necesaria para poder dicir o que é para despois poder redactalo en sete liñas.

PARA REMATAR

Estes están sendo uns días de moitas moitas emocións polo que grandes e pequenos debemos coñecer como se sente a xente que se atopa ao noso carón. Por iso a última tarefa é preguntarlle as persoas que conviven na nosa casa.... **E TI COMO ESTÁS HOXE???????**



Aínda que non poidamos darnos moitos bicos nin abrazos non importa!! Con unha palabra e un pequeno xesto chega de sobra para mostrarlle aos demais canto os queremos.



	Mañá	Tarde
Luns		
Martes		
Mércores		
Xoves		
Venres		
Sábado		
Domingo		

